

O **Concello da Guarda** organiza a segunda edición **“A GUARDA DOCE”** coa finalidade de promocionar e comercializar os doces e sobremesas das confeitaría, pastelerías e panadarías nun espazo diferente do seu establecemento habitual.

Durante o último fin de semana de maio os establecementos adheridos amosarán ó público as súas elaboracións máis tradicionais e tamén as novas creacións nun entorno de festividade cunha programación cultural e musical de interese.

Os establecementos participantes aceptan as presentes bases e comprométense ó cumprimento das disposicións legais aplicables a súa actividade.

1. Data, horario e lugar de celebración:

-Sábado 30 e domingo 31 de maio.

-De 11:00 a 21:00

-Alameda

2. Establecementos convidados:

Poderán participar establecementos do Baixo Miño ou do distrito de Viana en Portugal:

- a) Confeiteiros, pasteiros e panadeiros (máximo de 12 establecementos).
- b) Alimentos artesáns (máximo de 10 establecementos)

3. Postos e funcionamento

- Cada establecemento contará cun espazo determinado e será responsabilidade do Concello da Guarda a distribución dos mesmos.
- Será responsabilidade de cada participante a decoración do seu posto.
- Non está permitida a exposición e venda de produtos que non foron incluídos no formulario de inscrición.
- O Concello non asumirá responsabilidades polo danos, subtraccións ou deterioro de mercadorías. Tampouco asumirá as responsabilidades da súa custodia.

- Todos os establecementos participantes deben estar dados de alta no correspondente epígrafe do imposto sobre actividades económicas e coa cobertura da Seguridade Social na rama correspondente.
- Deben adoptarse as máximas precaucións en canto a hixiene e limpeza tanto no instrumental e estantes como nos materiais para envolver os produtos, prohibíndose o uso de papel impreso e plástico non axeitado. Todos os postos deberán ter un recipiente adicado a recoller os desperdicios, recipiente que estará dotado da súa correspondente tapa.
- Os postos dotados con aparatos de pesa deberán estar adecuados á medida con arranxo á lexislación.
- Os horarios do evento serán respectados realizándose as labores de montaxe e desmontaxe fóra do horario establecido.
- En previsión de mal de tempo, o xoves 28 de maio a organización decidirá o traslado ou non. No caso de optar polo traslado, A Guarda Doce pasaría a celebrarse o 13 e 14 de xuño mudando o espazo ó porto da Guarda e coincidindo en datas coas Festas de San Antonio.

4. Inscripción:

É obrigatorio entregar o formulario da inscrición no rexistro do Concello da Guarda (Praza do Reló,1) **do mércores 15 de abril ata o mércores 22 abril.**

-O Concello da Guarda reservase o dereito de aceptar ou rexeitar.

-O custe da participación é de 30 € por establecemento participante.

5. Confirmación e pago do posto

Unha vez estudado o formulario do solicitante notificarase a aceptación cun número de stand que será confirmado unha vez realizado o pago da cuota. O prazo para realizar o **pago é do 27 ó 30 abril.**

6. Información:

Máis información na Oficina de Turismo do Concello da Guarda no tel. 986 61 45 46 ou por mail turismo@aguarda.es